

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**XUNTA ELECTORAL DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 27 de novembro de 2020 relativa ao nomeamento dos membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia.

A Presidencia da Xunta Electoral de Galicia, en cumprimento do Decreto 185/2020, do 16 de novembro, da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 233, do 18 de novembro de 2020), procedeu ao nomeamento dos membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia.

Deste xeito dáse contido ao disposto no artigo 15 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, onde se establece que os nomeados por decreto, ao comezo de cada lexislatura, permanecerán no exercicio do seu mandato ata a toma de posesión da nova xunta electoral.

Na súa virtude e ao abeiro do disposto no artigo 18.6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, e en execución do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Galicia na reunión do día de hoxe, esta Presidencia resolveu declarar:

O día 27 de novembro de 2020 constitúese a Xunta Electoral de Galicia cos seguintes membros:

Presidente: José María Gómez y Díaz-Castroverde, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1.a) da Lei 8/1985, do 13 de agosto).

Vicepresidente: Pablo Sande García, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1.b).

Vogais: maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1.c):

Pablo Sande García

Dolores Rivera Frade

Rosa M^a Rodríguez Rodríguez

Antonio Martínez Quintanar



Vogais: profesores en activo das facultades de Dereito de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (artigo 14.1.d):

Xosé Manuel Carril Vázquez
Ángel Gómez-Iglesias Casal
Carlos Martínez-Buján Pérez
Jesús Martínez Girón

Secretario: Xosé Antón Sarmiento Méndez, letrado oficial maior do Parlamento de Galicia (artigo 15.2).

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 27 de novembro de 2020

José María Gómez y Díaz-Castroverde
Presidente da Xunta Electoral de Galicia

